



Actividade Aprobación ou modificación de ordenanza fiscal

Procedemento Imposición e ordenación de tributos

Código SIA 2475616

Expediente 1225/2025.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº3-I REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHICULOS DE TRACCION MECANICA

Trámite Informe.- Informe xurídico

Paula E. Ramos Díaz, funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter nacional, secretaria do concello de Muga, de conformidade co establecido no art. 3 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se aproba o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte

INFORME

Antecedentes de feito

- Expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona 1125/2025 “MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº3-I REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHICULOS DE TRACCION MECANICA”:
 - a) Proposta asinada pola concelleira delegada da área de Facenda e Promoción Económica (RA nº 2023-0615, de 26.06.2023) de data 04.04.2025.
 - b) Informe de intervención de data 04.04.2025
 - c) Proposta de acordo asinada pola concelleira delegada da área de Facenda e Promoción Económica (RA nº 2023-0615, de 26.06.2023) de data 04.04.2025.
 - d) Segunda proposta asinada pola concelleira delegada da área de Facenda e Promoción Económica (RA nº 2023-0615, de 26.06.2023) de data 29.08.2025.
 - e) Informe de control permanente de intervención asinado con data 29 de agosto de 2025.
 - f) Proposta de acordo asinada pola concelleira delegada da área de Facenda e Promoción Económica (RA nº 2023-0615, de 26.06.2023) de data 29.08.2025.
 - g) Certificado do ditame emitido pola CIP de Facenda e Promoción Económica con data 4 de setembro de 2025: “Rematado o debate, o expediente déixase sobre a Mesa conforme ao artigo 92 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico co fin de que se lle dea unha redacción diferente e máis aberta a todos aqueles apartados onde aparece unha mención directa á Deputación Provincial da Coruña e se modifique o título da proposta.”



- h) Terceira proposta de e modificación asinada pola concelleira delegada de Facenda e Promoción Económica de data 15 de setembro de 2025.
- i) Informe de control permanente asinado pola interventora municipal con data 15 de setembro de 2025.
- j) Terceira proposta de acordo de modificación asinada pola concelleira delegada de Facenda e Promoción Económica de data 15 de setembro de 2025.

Consideracións xurídicas

Primeira.- Natureza. Potestade tributaria. Imposición e ordenación

Os impostos se inclúen como tributos dentro da relación de ingresos de dereito público segundo 2.1º do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se presta aprobación ao texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL en adiante).

Encadrándose conforme ao art. 59.1º TRLRFL na categoría de impostos de exacción obrigatoria.

Nestes casos, conforme ao art. 15.2º TRLRFL: “2. Respecto dos impostos previstos no artigo 59.1, os concellos que decidan facer uso das facultades que lles confire esta lei en orde á fixación dos elementos necesarios para a determinación das respectivas cotas tributarias, deberán acordar o exercicio de tales facultades, e aprobar as oportunas ordenanzas fiscais”.

A partir do contido da ordenanza, a proposta ten por obxecto modificar o artigo 5 incrementando e establecendo un único coeficiente de incremento aplicable as cotas orixinais establecidas no artigo 95 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facenda Locais ao 1,60 (art. 95.4º TRLRFL), dando un novo texto á disposición derradeira, modificando a actual ordenanza fiscal nº 3- 1.

Polo que en canto ao seu obxecto se adapta ás potestades que nesta clase de tributos corresponden aos concellos.

Segundo.- Modificación de ordenanza fiscal

En atención ao art. 16.1º TRLRL:” Os acordos de modificación das devanditas ordenanzas deberán conter a nova redacción das normas afectadas e as datas da súa aprobación e do comezo da súa aplicación”.

Examinada a proposta verifícase que se contempla:

“...

1º-Modificar o texto do artigo 3, eliminado o texto que xa está recollido no Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e redaccións que estan obsoletas ou conteñen erros.

2º Modificar o artigo 5.-Cota tributaria. Incrementando e establecendo un único coeficiente de incremento aplicable as cotas orixinais establecidas no artigo 95 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facenda Locais ao 1,60.

3º Modificar o texto do artigo 6, eliminado o texto que xa está recollido no Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e modificando os porcentaxes das bonificacións

4º Eliminar o apartado 4 do artigo 7.

5º Eliminar os apartados 2,3,4 e 5 e modificar o apartado 1 do artigo 8, e cambio de



denominación.

6º Eliminar o artigo 9.

7º Modificar o texto da disposición derradeira.

...”

Adaptándose por tanto ao réxime legal de referencia. Elo sen prexuízo da achega dunha exposición de motivos que encadre e xustifique os cambios introducidos máis alá da proposta.

Do mesmo xeito verifícase a existencia de cambios na redacción proposta con data 15 de setembro de 2025 no sentido indicado na previa Comisión Informativa (artigos 3 e 6).

Terceiro.- Procedemento e órgano competente.

Órgano competente

A competencia corresponde ao Pleno, réxime de maioría simple (art. 47.1º LBRL).

Procedemento a seguir

Na medida en que a imposición e ordenación se leva a cabo a través de arts. 15 a 19 da TRLRHL, xurde a cuestión non pacífica sobre a posible aplicación do réxime establecido no art. 133 TRLRFL tal e como ten acontecido en expedientes previos.

Non obstante, con carácter posterior a súa emisión e data 06.02.2023, o Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 5ª, en sentenza nº 133/2023, resolve o recuso de casación núm. 133/2023, no que se cuestiona a aplicación do réxime de consulta pública previsto no art. 133.1º da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, aos instrumentos de ordenación urbanística por posuir unha normativa específica propia (aprobación, modificación ou revisión), conforme á DA1ª da mesma norma. E indirectamente por tanto se non resulta de aplicación nin ás Comunidades Autónomas nin á Administración Local, por canto se cuestiona que no fondo o importante é a especialidade procedimental e non a Administración que tramite o expediente (autonómica ou local).

Estendendo o seu xuízo a outras materias sectoriais que igualmente teñen un réxime específico propio á marxe das sinaladas na devandita DA 1ª (materia tributaria, aduanera, seguridade social, seguridade viaria, extranxería e asilo), regulando un procedemento específico.

E en función do exposto o TS considera que ha lugar a casación da sentenza de instancia, desprazado da súa aplicación ao indicado réxime previsto no art. 133.1º da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas en ditos ámbitos.

Con carácter case simultáneo no tempo, e no ámbito propio tributario o mesmo Tribunal, por sentenza de 31.01.2023 estableceu:

“...que el art. 17 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, que regula el procedimiento de elaboración y aprobación de las ordenanzas fiscales locales, constituye legislación especial por razón de la materia, por lo que, de conformidad con lo dispuesto en la disposición adicional 1ª, apartado 1, de la Ley de la Ley 39/2015, no resulta exigible seguir el trámite de consulta pública previsto en el art. 133.1 LPAC,



como trámite previo al procedimiento de elaboración y aprobación de las ordenanzas fiscales establecido en el art. 17 TRLHL.”

Polo que a realización do trámite de consulta pública decaería nos expedientes de tramitación de ordenanzas fiscais e os a eles asimilados.

E tendo en conta os principios e fondo analizado en ambas sentenzas e de xeito específico, na STS de 31.01.2028 en aplicación da DA1ª LPAC, o desprazamento na aplicación alcanzaría igualmente no ámbito tributario, ao trámite de audiencia e participación cidadá. Elo sen prexuízo do que de xeito potestativo poda ser acordado polo concello en función das circunstancias concorrentes, atendendo aos principios de proporcionalidade e axilidade (art.3.1º da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).

Polo que conformidade coas consideracións xa realizadas e sen prexuízo do que indique por razón da especialidade o informe da intervención municipal, o procedemento a seguir comprenderá cando menos:

- Aprobación inicial polo Pleno, réxime de maioría simple (art. 47.1º LBRL).
- Publicación do acordo (BOP, taboleiro de anuncios e portal de transparencia) e apertura dun trámite de información pública durante 30 días hábiles.
- No caso de que non se presentase alegación ningunha, o acordo elevarase automaticamente á categoría de definitivo sen necesidade de aprobación plenaria (art. 17.3º TRLRFL).
- O acordo de aprobación e o texto definitivo da ordenanza deberán ser publicados de xeito íntegro no BOP, sen que entre en vigor en tanto non se teña levado a cabo dito trámite.
- Contra o acordo de aprobación definitiva e o texto da ordenanza tan so se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo (art. 112.3º LPAC).

Mugardos, á data da sinatura dixital á marxe.

A secretaria,

Paula E. Ramos Díaz

